



# CONCELLO DE COTOBADÉ

Chan, 11 – Carballedo 36856 COTOBADÉ (Pontevedra) Telf. 986 76 00 01 – Fax. 986 76 01 30

## **BASES REGULADORAS PARA A ADXUDICACIÓN MEDIANTE SORTEO PÚBLICO DE AUTORIZACIÓNS PARA A INSTALACIÓN DE POSTOS DE VENDA AMBULANTE NO "MERCADILLO MENSUAL" DE COTOBADÉ**

### **1.OBXECTO**

É obxecto das presentes bases regular o procedemento para a adxudicación, mediante sorteo público, de autorizaci3ns para a ocupaci3n do dominio p3blico con destino 3 instalaci3n de vinteito (28) postos de venda ambulante no mercadillo mensual de Cotobade.

As autorizaci3ns administrativas para a instalaci3n de postos de venda ambulante concederanse exclusivamente no mercado municipal peri3dico recoñecido no Regulamento municipal da venda ambulante no Concello de Cotobade (B.O.P. n3m. 68 de 08.04.2014) con modificaci3n publicada no BOP n3 22 de 03.02.2016, que se celebrará os primeiros venres de cada mes (incluídos os festivos) na Praza de A Chan e aledaños (Carballedo) de acordo co seguinte horario:

- a)Montaxe dos postos: de 8:00 e as 10:00 h.
- b)Actividade comercial: de 8:00 a 15:30 h.
- c)Carga e recollida dos postos: de 14:00 a 15:30 h.

### **2.AUTORIZACI3N MUNICIPAL: NATUREZA XURÍDICA, CARACTERÍSTICAS E CONTIDO.**

As autorizaci3ns municipais para a venda ambulante ou non sedentaria terán natureza xurídica de autorizaci3n de ocupaci3n de dominio p3blico para a súa utilizaci3n especial destinada 3 prestaci3n de servizos particulares dirixidos ao p3blico.

**A autorizaci3n para o exercicio da venda ambulante ou non sedentaria terá unha duraci3n de un ano renovable por outro mais e será persoal e intransferible ao tratarse dun n3mero limitado.**

O Concello vixiará e garantirá o cumprimento polos titulares das autorizaci3ns do que disp3n o Regulamento regulador e demais normativa aplicable, especialmente en canto 3s esixencias e condici3ns hixiénico-sanitarias.

A autorizaci3n debe definir os seguintes parámetros:

- Nome e apelidos ou denominaci3n social, domicilio fiscal e DNI/CIF do titular da autorizaci3n e epígrafe do IAE.
- Identificaci3n das persoa/s habilitadas para a venda baixo a dependencia do titular da autorizaci3n.
- Modalidade de venda ambulante que se autoriza ("A", "B", "C" ou "D")
- Artigos que poden ser obxecto de comercializaci3n.
- Lugares de venda.



# CONCELLO DE COTOBADE

Chan, 11 – Carballedo 36856 COTOBADE (Pontevedra) Telf. 986 76 00 01 – Fax. 986 76 01 30

- Datos nas que esta autoriza o exercicio da venda ambulante.
- Dimensións do posto.
- Número do posto.
- Referencia á obrigaón de coñecer e cumprir a normativa xeral de ordenación do comercio, a disciplina do mercado e a protección do consumidor.
- Condições particulares ás que, no seu caso, quede suxeito o titular da autorización.
- Data de outorgamento da licenza e período de vixencia da autorización.

### 3.POSTOS DE VENDA

A venda deberá realizarse en postos ou instalacións desmontables instalados na vía pública cuxa numeración e distribución recóllese no plano adxunto ás presentes bases.

A tipoloxía dos postos é a seguinte:

Modalidade “A”: Alimentación: froita, hortalizas e verduras, patacas, queixos do país e curados, etiquetados, ovos, embutidos, carnes curadas, produtos do forno e churros, pulpo á feira ou produtos semellantes. Un posto desta modalidade será necesariamente ocupado para o despacho de pulpo á feira (8 postos a adxudicar).

Modalidade “B”: Têxtil e calzado. (12 postos a adxudicar)

Modalidade “C”: Artesanía e bixutería en xeral. (5 postos a adxudicar)

Modalidade “D”: Árbores frutais, plantas e flores e maquinaria agrícola (3 postos a adxudicar)

Total: 28 postos.

### Os postos que se licitan ubícanse nos Anexos das presentes Bases.

O horario de instalación, recollida e funcionamento será o previsto no Regulamento municipal.

### 4.REQUISITOS DOS SOLICITANTES

Poderán concorrer a esta licitación as persoas naturais ou xurídicas, españolas o estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, consonte coa lexislación mercantil e co establecido na Lei do comercio interior de Galicia, para o exercicio da venda ambulante e non estean comprendidas nalgún dos supostos de prohibición sinalados no artigo 60 do texto refundido Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011 do 14 de novembro.

Requírese asimesmo do licitador, que os fins sinalados nos seus estatutos ou regras fundacionais, teñan relación directa coa actividade de venda ambulante que se vai exercer.



# CONCELLO DE COTOBADE

Chan, 11 – Carballedo 36856 COTOBADE (Pontevedra) Telf. 986 76 00 01 – Fax. 986 76 01 30

Así mesmo os propoñentes deberán estar dados de alta nos epígrafes correspondentes do Imposto de Actividades Económicas.

**Cada persoa física e xurídica non poderá optar a máis dun posto nin presentar máis dunha solicitude.**

**No caso de que se rexistren distintas solicitudes por parte dun mesmo solicitante ou se opte a máis dun posto procedirase a exclusión do aspirante mediante resolución motivada.**

## **5.SOLICITUDES: FORMA, LUGAR E PRAZOS DE PRESENTACIÓN**

As persoas interesadas en tomar parte na licitación dos postas presentarán a pertinente declaración responsable, conforme ao modelo que se une como Anexo I a estas bases, acompañada dunha fotocopia do DNI/CIF/NIF, Tarxeta de residencia ou permiso de traballo ou documento que acredite a representación, en caso de tratarse de persoas xurídicas.

A dita declaración responsable que se incorpora ao Anexo I incorpora os seguintes extremos:

-Que cumpre tódolos requisitos establecidos para o exercicio da venda ambulante na Comunidade Autónoma de Galicia.

-Que estará en posesión da documentación que así o acredita a partir do comezo da actividade.

-Que se compromete a manter o seu cumprimento no prazo da vixencia da autorización.

-Que non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade establecida por lei.

-Que non vai proceder a venda de artigos distintos dos solicitados e en todo caso, daqueles que teñan prohibida a súa venda ambulante así como, de selo caso, que acatará toda a normativa que regula os principios e os requisitos xerais na lexislación alimentaria relativos á seguridade alimentaria e de manipulación de alimentos.

A declaración responsable, comprenderá, ademais, os seguintes extremos:

a)Estar dado de alta no epígrafe correspondente do imposto de actividades económicas e ao corrente no pagamento da tarifa. A circunstancia de estar dado de alta e ao corrente do pagamento do imposto de actividades económicas ou, se é o caso, no censo de abrigados tributarios, deberá ser acreditada, a opción do interesado, ben por el mesmo, ben mediante autorización á administración para que verifique o seu cumprimento

b)Estar ao corrente no pagamento das cotizacións da Seguridade Social.



# CONCELLO DE COTOBADE

Chan, 11 – Carballedo 36856 COTOBADE (Pontevedra) Telf. 986 76 00 01 – Fax. 986 76 01 30

c) Reunir as condicións esixidas pola normativa reguladora do produto ou produtos obxecto da venda ambulante ou non sedentaria.

d) No caso de estranxeiros, deberá acreditarse, estar en posesión do permiso de residencia e de traballo ou documentación que xustifique que está en trámite de obtención ante o organismo competente, os devanditos permisos.

e) Cando o venda se realice por persoa distinta do titular da licenza, acreditación do correspondente contrato laboral e alta na Seguridade Social.

En calquera caso, a totalidade da documentación sinalada na declaración responsable deberá estar en posesión do comerciante e presentada sempre que lle sexa requirida.

A solicitude de participación deberá ser presentada, pola persoa interesada ou o seu representante legal, mediante instancia dirixida ao Sr. Alcalde, que poderá ser presentada directamente no Rexistro xeral do Concello de Cotobade (Chan nº 11 Carballedo 36856 Cotobade) en horario de 9.00 a 14.00 horas de luns a venres e de 9.00 a 13.00 horas os sábados, ou por calquera dos medios establecidos no art 38.4 da Lei 30/1992 do 26 de novembro.

**O prazo de presentación será de DEZ DÍAS NATURAIS a contar desde o seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.**

Cando as solicitudes sexan enviadas por correo, en aplicación do disposto no art. 80.4 do Real decreto 1098/2001 de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da lei de contratos, o solicitante deberá xustificar a data de imposición do envío nas oficinas de correos e anunciará a remisión da súa solicitude ao Sr. Alcalde, no mesmo día, mediante télex, fax ou telegrama remitido ao número de fax: 986 760130.

**Sen a concorrencia de ambos requisitos non será admitida a solicitude no caso de ser recibida con posterioridade a data da terminación do prazo sinalado no parágrafo anterior das presentes bases.**

Transcorridos, non obstante, dez (10) días seguintes á indicada data sen haberse recibido a documentación, esta non será admitida en ningún caso.

A presentación da proposición ou solicitude de participación supón a aceptación incondicionada polo interesado do contido da totalidade das cláusulas ou condicións destas bases, sen salvidade ou reserva algunha.

## 6. PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA



# CONCELLO DE COTOBADE

Chan, 11 – Carballedo 36856 COTOBADE (Pontevedra) Telf. 986 76 00 01 – Fax. 986 76 01 30

As bases da licitación publicaranse no Perfil do Contratante, a partir do día seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial de Pontevedra.

O acceso público ao perfil do contratante efectuarase a través do portal da web municipal: [www.concellodecotobade.org](http://www.concellodecotobade.org).

As presentes bases atoparanse, igualmente, a disposición dos interesados/as na Secretaría Xeral do Concello de Cotobade, ata o momento en que finalice o prazo de presentación de solicitudes de autorizacións, de luns a venres en horario de 9:00 a 14:00 horas.

## **7.PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN DAS AUTORIZACIÓNS**

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, de observarse defectos ou omisións emendables na documentación presentada, comunicarase verbalmente aos interesados concedendo un prazo non superior a tres días hábiles desde ou seguinte ao requirimento para que os licitadores os corrixan ou emenden.

A devandita subsanación deberá presentarse no Rexistro do Concello de Cotobade en horario de 9 a 14 horas de luns a venres e 9 a 13 horas os sábados.

O procedemento para a adxudicación das autorizacións será o sorteo público.

**O sorteo público dos postos terá lugar o décimo día natural contado a partir do seguinte ao de remate do prazo de presentación de solicitudes ás doce (12.00) horas, no salón de sesións da Casa do Concello de Cotobade, situada no lugar da Chan nº 11, parroquia de Carballedo, Cotobade.**

**No caso de que a data coincida en sábado, domingo ou festivo trasladarase ao primeiro día hábil posterior**

O antedito acto será debidamente anunciado no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello de Cotobade.

O sorteo realizarase coas adecuadas garantías de imparcialidade, transparencia e obxectividade correspondentes.

Os solicitantes dos postos deberán comparecer ao dito acto para elixir posto, persoalmente ou mediante un representante acreditado por escrito, sen que se dea validez a acreditacións verbais.

Cada solicitude numerarase por orde correlativa ao número do rexistro de entrada de documentos que lle corresponde, confeccionándose catro listas en función das distintas modalidades de venda ofertadas (A, B, C, D).



# CONCELLO DE COTOBADE

Chan, 11 – Carballado 36856 COTOBADE (Pontevedra) Telf. 986 76 00 01 – Fax. 986 76 01 30

Introduciranse nunha urna tantos números como solicitudes se presentasen.

Extraeranse sucesivamente os números introducidos por cada unha das modalidades e, nese mesmo acto, o solicitante ao que lle correspondese o número extraído deberá elixir o posto entre os dispoñibles.

De non concorrer ao acto o solicitante ao que lle corresponda o número extraído ou o seu representante debidamente acreditado, ou de non ter interese nos postos dispoñibles, esta decaerá no seu dereito seguíndose coa extracción de números ata a asignación dos postos ofertados.

O sorteo determinará os solicitantes que adquiriran o dereito a obter unha autorización de venda.

Logo de adxudicarse os 28 postos dispoñibles, seguirase coa extracción de números a fin de confeccionar, con todas as solicitudes que se presenten, un listado de suplentes, co fin de que, en caso de renuncia ou vacantes, se ofrezca aos mesmos a posibilidade de obter unha autorización de venda.

## 8.FORMALIZACIÓN DAS AUTORIZACIÓNS

Unha vez recibida comunicación favorable á solicitude de autorización e como trámite previo ao outorgamento da licenza, os solicitantes, co obxecto de obter esta, deberán presentar, no prazo de 10 días hábiles desde que reciban a notificación, a seguinte documentación:

a)Fotocopia do NIF. No caso de que o solicitante sexa estranxeiro, deberá acompañar fotocopia do pasaporte e do permiso de residencia e traballo ou da tarxeta de residencia en vigor, segundo se trate de estranxeiros de países non comunitarios ou comunitarios, respectivamente.

As persoas xurídicas deberán acreditar os seguintes extremos: o CIF, escritura de constitución, estatutos empresa debidamente inscritos no Rexistro Mercantil e escritura de poder outorgada á persoa que firma a solicitude.

b)Dispoñer de seguro de responsabilidade civil, cunha cobertura mínima de 150.000 euros, para responder de posibles danos a persoas ou bens a resultas da actividade autorizada e do recibo de pago que acredite a vixencia do mesmo.

c)Alta no réxime correspondente da Seguridade Social e, no seu caso, no imposto de actividades económicas.

d)Se a licenza afecta á venda de produtos alimentarios, deberá achegar fotocopia do carné de manipulador de alimentos en vigor.



# CONCELLO DE COTOBADE

Chan, 11 – Carballedo 36856 COTOBADE (Pontevedra) Telf. 986 76 00 01 – Fax. 986 76 01 30

e) Declaración xurada na que o solicitante manifieste coñecer as normas ás que debe axustarse a súa actividade, e o seu compromiso a observalas e de cumprir coas regulamentacións de cada tipo de produtos.

f) Certificado de atoparse ó corrente de pago nas abrigas tributarias e coa Seguridade Social.

g) Copias compulsadas dos contratos de traballo que acrediten a relación laboral das persoas que vaian desenvolver a actividade no nome do titular, cando este sexa persoa xurídica.

h) Dúas fotografías orixinais actuais do solicitante tamaño carné.

Unha vez presentada a documentación, formalizaranse as referidas licenzas coa expedición da corresponde tarxeta de venda ambulante.

A presentación da tarxeta de persoa vendedora ambulante debidamente inscrita no Rexistro Galego de Comercio suplirá a acreditación dos requisitos establecidos nos seguintes parágrafos a), b), c), d), e).

## 9. PRAZO MÁXIMO PARA RESOLVER

O prazo máximo para resolver será de tres (3) meses a contar desde o día seguinte á finalización do prazo para a presentación de solicitudes.

## 10. COBERTURA DE VACANTES

Cos comerciantes que non tiveran obtido posto, sortearase igualmente un listado de suplentes que inclúa todas as solicitudes presentadas, que quedarán colocadas por orde de prelación, co fin de que, no caso de renuncia ou vacantes, se ofrezca aos mesmos a posibilidade de obter unha autorización de venda. Dita lista de reserva terá unha vixencia de dous anos.

A proposta de adjudicación dos postos vacantes ao longo da vixencia da bolsa será notificada ao interesado, seguindo a orde da bolsa, quen manifestará a súa aceptación nun prazo máximo de 10 días hábiles, a contar dende a data seguinte ao de recepción da notificación, entendéndose decaído no seu dereito en caso de non aceptarse.

Non serán admitidas novas solicitudes ao longo da vixencia de dita bolsa debendo, unha vez concluída a vixencia da mesma, convocar un novo procedemento de adjudicación dos postos vacantes.

## 11. CONTIDO DA AUTORIZACIÓN

Nas autorizacións expedidas polo concello terase constar a seguinte información:

1. Identificación do titular e no seu caso da/s persoa/s autorizadas.
2. Modalidade do comercio ambulante para a que se habilita a autorización (A, B, C, D).
3. Situación precisa do posto.



# CONCELLO DE COTOBADE

Chan, 11 – Carballedo 36856 COTOBADE (Pontevedra) Telf. 986 76 00 01 – Fax. 986 76 01 30

4. Produto/s autorizado/s para o comercio.

5. Días e horas nos que se poderá levar a cabo a actividade comercial.

6. Prazo de duración da autorización.

7. Se é o caso, condicións particulares ás que se suxeita o titular da actividade. Se o concello outorga unha identificación ao titular da autorización, esta deberá conter os datos esenciais da autorización.

## 12. RESPONSABILIDADE CIVIL

Cada adxudicatario será responsable dos danos e perdas que se causen a terceiros como consecuencia da actividade de venda ambulante sometida a licenza, debendo contar co correspondente seguro de responsabilidade civil, que cubra suficientemente os riscos derivados da súa actividade, póliza que deberán presentar para facer efectiva a adxudicación de cada autorización de instalación de pastos de venda ambulante no mercadillo mensual.

Cada adxudicatario será responsable dos actos ou feitos que se deriven do exercicio da súa actividade mercantil.

## 13. DURACIÓN DAS AUTORIZACIÓNS

A duración máxima das autorizacións reguladas nesta convocatoria será de un ano prorrogable por un mais, segundo a regulación contida no Regulamento da venda ambulante do Concello de Cotobade.

Rematado o primeiro exercicio os titulares das autorizacións estarán abrigados a acreditar, perante o Concello, no período comprendido entre o 1 e o 31 de outubro de cada ano, atoparse ao corrente da súas abrigas coa Seguridade Social, a Administración Tributaria e local, así como o pago do correspondente, seguro de responsabilidade civil e acreditación das demais circunstancias esixibles ao abeiro do Regulamento da venda ambulante no Concello de Cotobade.

## 14. EXTINCIÓN

A extinción das autorizacións reguladas nesta convocatoria poderá producirse no caso da comisión de infraccións graves ou moi graves tipificadas no Regulamento da venda ambulante do Concello de Cotobade.

## 15. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

O réxime de infraccións e réxime sancionador aplicable será o indicado no Regulamento municipal da venda ambulante no Concello de Cotobade (B.O.P. núm. 68 de 08.04.2014).

## 16. RÉXIME XURÍDICO

En todo o non previsto nas presentes bases, será de aplicación o disposto na Lei de Comercio Interior de Galicia e, subsidiariamente, no Regulamento da venda ambulante no Concello de Cotobade.





# CONCELLO DE COTOBADE

Chan, 11 – Carballedo 36856 COTOBADE (Pontevedra) Telf. 986 76 00 01 – Fax. 986 76 01 30

## 17.IMPUGNACIÓN

A presente convocatoria, que pon fin á vía administrativa, pode ser recorrida, potestativamente, nos termos e prazos previstos nos artigos 116 y 117 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou directamente, mediante a interposición de recurso contencioso administrativo (artigo 46 Lei 29/1998 do 13 de xullo reguladora da xurisdición contencioso-administrativa).

Cotobade 04 de abril de 2016

O Alcalde

Jorge Cubela López



# CONCELLO DE COTOBADE

Chan, 11 – Carballado 36856 COTOBADE (Pontevedra) Telf. 986 76 00 01 – Fax. 986 76 01 30

## ANEXO I

### MODELO DE SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NO PROCEOEMENTO DE ADXUDICACIÓN DAS AUTORIZACIÓNS PARA A INSTALACIÓN DE POSTOS DE VENDA NO MERCADILLO MENSUAL DE COTOBADE

**SOLICITANTE:**

<b>1.Nome e apelidos (persoas físicas) ou denominación social (persoas xurídicas):</b>
<b>2.Enderezo (rúa, número, c.p., poboación, provincia e país):</b>
<b>3.Nº teléfono/Fax/Correo electrónico:</b>
<b>4.CIF, NIF; Tarxeta de residencia ou permiso de traballo:</b>
<b>5.Obxecto social ou actividade:</b>
<b>6.Epígrafe/s do IAE: nos que se atopa dado de alta e ámbito:</b>

**REPRESENTANTE:**

<b>1.Nome e apelidos (persoas físicas) ou denominación social (persoas xurídicas):</b>
<b>2.Enderezo (rúa, número, c.p., poboación, provincia e país):</b>
<b>3.Nº teléfono/Fax/Correo electrónico</b>
<b>4.CIF, NIF; Tarxeta de residencia ou permiso de traballo:</b>
<b>Poder:</b>
<b>Escritura Nº..... Notario D/Dª.....</b>
<b>Localidade.....Data.....</b>

### EXPOÑO:

Que informado/a da convocatoria do procedemento para a adxudicación de autorizacións para a instalación de 28 postos de venda ambulante no mercadillo mensual de Cotoade segundo convocatoria publicada no Boletín Oficial da Provincia nº ... de .../.../....., considerando que cumpro cos requisitos esixidos na normativa reguladora da venda ambulante ou non sedentaria así como no regulamento municipal regulador da mesma,

### DECLARO RESPONSABLEMENTE:

-Que cumpro con todos os requisitos establecidos para o exercicio da venda ambulante na Comunidade Autónoma de Galicia.

-Que estou en posesión da documentación que así o acredita a partir do comezo da actividade.

-Que me comprometo a manter o seu cumprimento no prazo da vixencia da autorización.

-Que non estou incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade establecida por lei.



# CONCELLO DE COTOBADE

Chan, 11 – Carballedo 36856 COTOBADE (Pontevedra) Telf. 986 76 00 01 – Fax. 986 76 01 30

-Que procederei á venda de artigos distintos dos solicitados e en todo caso, daqueles que teñan prohibida a súa venda ambulante así como, de selo caso, que acatarei toda a normativa que regula os principios e os requisitos xerais na lexislación alimentaria relativos á seguridade alimentaria e de manipulación de alimentos.

-Que estou dado de alta no epígrafe correspondente do imposto de actividades económicas e ao corrente no pagamento da tarifa.

-Que estou ao corrente no pagamento das cotizacións da Seguridade Social.

-Que reúno as condicións esixidas pola normativa reguladora do produto ou produtos obxecto da venda ambulante ou non sedentaria.

-Que, no caso de ter nacionalidade estranxeira, estou en posesión do permiso de residencia e de traballo ou documentación que xustifique que está en trámite de obteña ante o organismo competente, os devanditos permisos.

-Que cando o venda se realice por persoa distinta do titular da licenza, acreditarei o correspondente contrato laboral e alta na Seguridade Social.

## SOLICITO:

Ser admitido para tomar parte no procedemento de adxudicación de autorizacións para a venda ambulante no mercado mensual na modalidade seguinte (**marcar cun “X” unha única modalidade**):

	Modalidade “A”: Alimentación: froita, hortalizas e verduras, patacas, queixos do país e curados, etiquetados, ovos, embutidos, carnes curadas, produtos do forno, churros, polbo “á feira” ou produtos semellantes.
	Modalidade “B”: Têxtil e calzado.
	Modalidade “C”: Artesanía e bixutería en xeral.
	Modalidade “D”: Árbores froiteiras, plantas e flores.

**(NOTA INFORMATIVA:** O apartado 4 do artigo 71. bis da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, dispón que “A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se acompañe ou incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación previa, ou a non presentación ante a Administración competente da declaración responsable ou comunicación previa, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbera lugar.

Así mesmo, a resolución da Administración Pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obrigaçión do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado, todo iso conforme a os termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación.”)

En ....., a .....de ..... de .....

Asdo: .....

De acordo á L.O.P.D., o Concello de CotoBade infórma que os seus datos persoais serán incorporados aos nosos ficheiros automatizados ou non coa finalidade de utilízalos para a xestión dos procedementos administrativos e consultas e que son necesarios para atender correctamente a súa solicitude. Os seus datos poderán ser comunicados aos distintos departamentos en que se organiza o Concello e a Administración e Organismos obrigados pola normativa correspondente. Para o correcto funcionamento das funcións propias do Concello e en cumprimento da LSSI, informámoslle que poderá recibir información a través de medios electrónicos e/ou postal. Vostede poderá usar os seus dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición mediante un escrito achegando unha copia do D.N.I. que deberá presentar no Rexistro – Concello de CotoBade, Chan nº 11, Carballedo, 36.856, CotoBade (Pontevedra). No caso de producirse algunha modificación dos seus datos, rogamos nolo comuniquen coa finalidade de manter os seus datos actualizados.